

Na vangarda do cinema

As mellores longametraxes galegas do 2013

MONTSE DOPICO

Non é casualidade que un dos filmes galegos do ano sexa *Vida Extra* de Ramiro Ledo. Tirando do fío das dúas ocupacións das que foi obxecto o Hotel Colón, en Barcelona, unha no 1936 e outra nos días previos á folga xeral do 29 de setembro do 2010, o seu autor tratou de "desfiañar o novelo das incertezas persoais de cada quen no seu día a día. Como a inseguridade laboral se converte en inseguridade vital". E conseguiu, alicerzando a estrutura da película coa gravación dunha conversa cos seus amigos arredor da necesidade de crear alternativas políticas para xestionar as súas vidas, que son as nosas. Sen agochar as incertezas.

Os nosos directores manteñen un posto entre as últimas tendencias

O cinema galego volveu demostrar outra vez este ano que, malia as crecentes dificultades, continúa a manter o seu posto entre os representantes das últimas tendencias da creación contemporánea. A agardada *Costa da Morte*, de Lois Patiño, apunta a exploración deste artista da relación dos humanos coa paisaxe, nunha proposta que procura a "identificación" entre ambos, segundo el mesmo explicou. Nun filme no que semella ser a terra a que respira ou a que fala, ao lado duns personaxes que afrontan, tecendo relatos que funden a historia e a lenda, cuestións como a súa relación co poder, co traballo ou coa propia morte. A película, un dos maiores acertos da produtora Zeiton Films, obtivo o premio ao mellor director emerxente no Festival de Locarno (Suíza).

Tamén colleitou triunfos na escena do cinema independente *O quinto Evanxeo de Gaspar Hauser*, de Alberto Gracia, premio Fipresci do Festival de Rotterdam. Tomando como punto de partida a historia do mozo que apareceu, un día, nunha praza alemá tras anos de vida en cativerio sen saber falar, o autor indaga na linguaxe como artificio mediador da relación humana coa realidade. "É imposible entender o mundo a través da linguaxe. A linguaxe non pode falar da linguaxe. No medio

fica un espazo baleiro, ocupado pola fe. Necesitamos a fe, a ilusión, que é no que se basea o cinema. E ilusión é mentira, pero tamén esperanza", sinala.

A propio cinema é, doutra maneira, posto en cuestión noutro dos filmes galegos do ano, *Une histoire seule* de Xurxo Chirro e Aguinaldo Fructuoso. As imaxes desta película foron tomadas por Fructuoso co seu móbil en Xenebra, seguindo as indicacións que Chirro lle daba desde Galicia. A procura dun virtual encontro con Godard é, nesta obra, a excusa pa-

ra, segundo apunta Xurxo, "enfrentar a imposibilidade de facer cine, de construír imaxes, xa desde os primeiros momentos, nos que nos prohiben gravar...". Tras un

percorrido pola cidade afastado das rutas turísticas, a película adéntrase en diversos aspectos relativos á situación actual de Europa. O filme contaxia

un sentimento de fracaso, de "desencanto polas cousas" que, malia todo, é contradicido pola súa mesma existencia como obra construída a pesar da precariedade.

Une histoire seule olla a realidade como mosaico, nunha superposición de distintos graos de representación. Tamén Alberte Pagan dirixe a súa mirada ás distintas caras da realidade no seu último filme, centrado no conflito entre o Estado colombiano e as FARC. Recuperando imaxes que gravara nunha das súas viaxes co Comité de Solidarie-

dade con América Latina, (COSAL), postas en contraste co discurso oficial transmitido polos medios de comunicación, amosa "a realidade como palimpsesto no que hai que mirar sempre o que hai detrás", como xa fixera no seu filme arredor do Prestige, *A quem se lle conte*. "Colombia é, -lembra-, "un caso único no mundo no que non houbo reforma agraria, os paramilitares son legais e calquera cacique pode matar a quen tende mudar a estrutura social. A violencia é consecuencia de esa desigualdade".



Lois Patiño: *Costa da Morte*.



O quinto Evanxeo de Gaspar Hauser, de Alberto Gracia.



Fotograma de *Vida Extra*, de Ramiro Ledo (2013).

No 2013 foron presentados tamén outros proxectos cinematográficos de distintas produtoras galegas. *O ouro do tempo*, (Xamalú Filmes), de Xavier Bermúdez, representou o cinema español no festival de Karlovy Vary. Ernesto Chao, Nerea Barros, Manuel Cortés e Marta Larralde protagonizan unha historia arredor dun viúvo que mantén o corpo da súa muller crionizado á espera de que a ciencia poida resucitala. *Inevitable*, de Jorge Algora, (Adivina Produccións), percorre o mundo de Fabián, (Dario Grandinetti), a súa muller, (Carolina Pere-

De amor e de apuros

letti), e mais unha paciente da mesma, (Mabel Rivera). Fabián coñece un escritor, (Federico Luppi), e seguindo o seu consello comeza unha relación cunha moza (Antonia Costa).

A primeira longametraxe de Alejandro Marzoa, *Somos gente honrada*, (Vaca Films),

conta a historia de dous amigos, (Miguel de Lira e Paco Tous), ambos desempregados, que atopan un fardo de coca e deciden vendela pola súa conta. En proceso atópanse outros proxectos, como a versión en cinema de *A esmorga*, da man de Ignacio Vi-

lar. Na resolución das últimas axudas á produción de Agadic figuran tamén as novas propostas de Xamalú (*Migas de pan*), Vaca Films (*Cen anos de perdón*), Matriuska (*A estación violenta*), Maruxiña Film (*Islandia*) e Dos Treinta y Cinco (*El secreto de Santa Marta de Camariñas*)